

COMUNICADO Nº3

Asunto: COVID-19

Queridas familias:

Ante as últimas medidas tomadas desde o Goberno central con carácter xeral e desde a Xunta de Galicia decretando o estado de emerxencia en Galicia desde as 00:00 horas de hoxe, sábado 14 de marzo de 2020, queremos trasladarvos as novas que afectan ao noso centro e ao seu funcionamento.

1. O **Colexio permanecerá totalmente pechado** durante os próximos 14 días co fin de garantir a seguridade dos seus traballadores que realizarán a **titorización e atención do alumnado a través da plataforma Esentia** tal e como se trasladou no anterior comunicado.
2. O prazo do proceso de admisión, en canto a presentación de solicitudes, amplíase provisionalmente finalizando unha semana despois do reinicio das clases, tanto na modalidade telemática coma na presencial.
3. Aqueles alumnos/as que teñan que **recoller algún material** que sexa **indispensable** para realizar as tarefas no seu fogar poderá recollelo **no colexio** unicamente o **luns 16 de marzo de 10:00 a 12:00 horas**.
4. Calquera comunicación co Colexio para algunha emerxencia, consulta ou aclaración realizarase por correo electrónico na seguinte dirección: colexiodivinomaestro@dimaourense.com.

Calquera nova que xurda seguiremos comunicándoa por esta canle.

Por favor, non esquezades colaborar ao máximo entre todos/as para rematar con esta situación o antes posible.

#QuedateEnCasa

Sen outro particular recibide unha aperta.

Ourense, 14 de marzo de 2020

O director



Álvaro Cid Bragado